



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2009 09:30
Nº Rexistro: 10595
Data envío: 13/10/2009 19:52:43.396

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Bieito Lobeira Domínguez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a marxinação dos escritores e escritoras que apostan pola lingua galega por parte da Consellaría de Cultura e Turismo nas feiras internacionais do libro.

A presenza de Galiza nas feiras internacionais do libro é unha liña de actuación importante para o apoio ao sector editorial galego. Constitúen unha oportunidade para dar a coñecer e divulgar que Galiza é un país cunha cultura de seu, que ten na súa lingua a mellor carta de presentación.

A Xunta de Galiza fixo público quen fan ser os escritores e escritoras convidadas pola Consellaría para representar a Galiza; concretamente nas Feiras Liber-Madrid e na de Frankfurt. Asombrosamente o criterio que utiliza a Consellaría é de marxinalizar aos escritores e escritoras que apostan pola lingua galega. Unha política que non podemos compartir e que viola o propio mandato establecido no Estatuto de Autonomía que establece que os poderes públicos galegos teñen que apoiar e difundir a cultura e lingua galegas. Confunde mais unha vez a súa posición a Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza, obviando que a promoción do español e da súa literatura ten no Ministerio de Cultura e no Instituto Cervantes, excelentes valedores, que contan cunha inxente cantidade de recursos públicos. Mentres a nosa lingua e cultura propias fican desprotexidas ante un goberno que non está disposto ser un actor positivo a prol da normalización da lingua e cultura galega.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que razóns xustifican que a Xunta de Galiza marxine nas feiras internacionais os escritores e escritoras que publican en lingua galega?
2. Considera a Xunta de Galiza que deste xeito cumpre coa súa obriga de apoiar e difundir a cultura e lingua galega?
3. Vai continuar a Xunta de Galiza marxinando a lingua e cultura galegas?
4. Mantivo a Xunta de Galiza algún tipo de contraste coa asociación de escritores en lingua galega para definir a participación de escritores nas feiras como viña sendo habitual?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2009.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Bieito Lobeira Domínguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 13/10/2009 19:52:14

Bieito Lobeira Domínguez na data 13/10/2009 19:52:17